

Texto: **FRAN ALONSO**

Fotografías: **MANUEL G. VICENTE**

Encadernado en cartón. 22x22 cm.

48 páxinas en color. Dispoñible en:

- Galego: "A araña e mais eu". Demademora
ISBN 978-84-8464-534-4
- Castelán: "La araña y yo". Libros para Soñar
ISBN 978-84-96388-45-1
- Portugués: "A aranha e eu". Livros para Sonhar
ISBN 978-989-8205-22-3
- Inglés: "The spider and me". Books for dreaming
ISBN 978-84-8464-518-4

Prezo: 13 €

A ARAÑA E MAIS EU

Un día alegre, de súpeto, una araña gorda e fea... brincou desde o ceo para aterrar no meu corpo.

A descarada, primeiro explorou unha deda do meu pé, avultada coma un kiwi. Logo, subiu aos meus nocellos, rugosos como a pel dunha mandarina.



Un álbum de gran beleza artística e literaria, ideal para todos os públicos, dende os primeiros lectores ata os adultos, pola delicadeza coa que as palabras percorren a xeografía do corpo humano na figura dunha nena, comparando cada parte cunha froita, a través da súa forma, tamaño e textura. O recurso da araña, considerado socialmente como un animal pouco agraciado, proporciona un sutil contraste e mesmo un certo toque de humor, facendo partícipes os lectores das sensacións que percibe a protagonista do relato ante o itinerario que realiza o insecto. Esta obra ofrece un achegamento visual e poético ao corpo humano.

FRAN ALONSO (Vigo, 1963)

Escritor e editor, colaborador habitual da prensa galega, é autor, entre outros libros, de "Cemiterio de elefantes" (1994), "Silencio" (1995), "O brillo dos elefantes" (1999), "Subversións" (2001) e "Males de cabeza" (2001), novela publicada en castelán por FAKTORÍA K. Foi galardoado con premios literarios como o Blanco Amor de Novela, o Rañolas de Literatura Infantil e o Losada Diéguez de creación literaria. Algunha das súas obras recibiu a distinción The White Ravens da Biblioteca Internacional da Xuventude de Munich.

- **Temática:** o corpo, as froitas, as metáforas
- **Idade recomendada:** a partir de 5 anos
- **Aspectos destacables:** beleza estética das imaxes; relato poético asequible a todas as idades; metáforas literarias e visuais; vocabulario sobre as froitas, as formas, tamaños, texturas e cores; o movemento; os insectos

MANUEL G. VICENTE (Vigo, 1958)

A súa obra gráfica máis relevante, dende principios dos anos 80, plasmouse en numerosas exposicións, catálogos, monografías e publicacións. Colaborou en varios proxectos editoriais con Fran Alonso. A súa especialidade é o Camiño de Santiago, sobre o que realizou varios traballos fotográficos adicados á Vía da Prata, as rutas portuguesa, de Fisterra e Muxía.

